



Outubro  
2016

S  
U  
M  
A  
R  
I  
O



### LIÑAS DE FINANZAMENTO

O director do Igape, Javier Aguilera, participou en Ferrol nunha xornada técnica cós fin de presentar as novas liñas de financiamento para as pemes galegas. Terán prioridades os proxectos industriais, especialmente aqueles que teñan que ver coa Industria 4.0. **Páx. 2**



### CURSO DE VERÁN

En setembro, coma xa e tradición, estivemos ó carón da Universidade da Coruña no Curso de Verán que este ano xa celebrou a súa terceira edición. O secretario de COFER e presidente da Asociación TIC Ferrolterra foi o encargado de moderar unha das mesas adicada ós emprendedores, coa tecnoloxía como protagonista. **Páx.3**



### DA MAN DA UNIVERSIDADE

O pasado 21 de setembro arrancaron as negociacións co vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia Salvador Naya, para traballar nun acelerador de proxectos de investigación relacionados co sector naval e no asesoramento da Universidade para proxectos conxuntos coas pemes da confederación. **Páx.4**

S  
U  
M  
A  
R  
I  
O



### VISITA ROTARY CLUB

O Gobernador do distrito 2201 do Rotary Club visitou a sede da confederación para acercar os valores da entidade ó noso empresario. **Páx. 5**



### LEXISLACIÓN

As últimas novidades legislativas e convocatorias de axudas que afectan ao empresariado, e entidades empresariais publicadas nos boletíns oficiais provinciais, autonómicos e estatais. **Páx. 6**



### AXENDA

Eventos e feiras monográficas profesionais máis interesantes para o empresario, programados para as vindeiras datas en España e Europa. **Páx.7**



## O Igape presenta en Ferrol as novas liñas de financiamento para as pemes galegas

*Aguilera destacou a valoración preferente dos proxectos industriais, especialmente aqueles relacionados coa Industria 4.0.*



O pasado 22 de setembro, o director do Igape, Javier Aguilera, acompañado pola directora do Plan Ferrol, Natalia Barros, participou nunha xornada técnica en Ferrol para presentar as liñas de financiamento do Igape para as pemes galegas.

Aguilera destacou a valoración preferente dos proxectos industriais, especialmente aqueles relacionados coa Industria 4.0.

O novo programa de préstamos, publicado no DOG o 9 de setembro, poderá financiar novas inversións ou actuacións de diversificación e mellora e contribuirá ó financiamento de proxectos dende 70.000 euros mediante préstamos a partir de 49.000 euros con intereses fixos baseados no Euribor máis 0,1% para tramos garantizados por unha Sociedade de garantía recíproca ou con aval bancario.

Os prazos de amortización serán de 11 anos, con un de carencia e podense acoller as sociedades mercantís con menos de 250 traballadores e volumen de negocio inferior ós 50 millóns de euros ou activo total menor de 43 millóns de euros, así como as persoas

físicas ou sociedades civís ou comunidades de bens.

As novas liñas de financiamento surden como consecuencia dos bos resultados do programa de préstamos Jeremie, previstos no programa operativo Feder Galicia 2007-2013, en beneficio de pequenas e medianas empresas e microempresas cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.

Este programa tivo unha grande demanda por parte das pemes e microempresas galegas, téndose chegado a xestionar, tras sucesivas ampliacións de créditos, ata máis de 26,6 millóns de euros, cos cales se financiaron un total de 89 operacións, ata o esgotamento total dos créditos, que supoñen un investimento inducido de case 45 millóns de euros e a previsión de creación de máis de 200 postos de traballo, así como o mantemento duns 1.600.

Por outra banda, na xornada abordáronse outras liñas de financiamento en vigor da man de Rubén Iglesias Rayo da sociedade de garantía recíproca AFIGAL e Miguel Ángel Romero, do Igape quen desgranaron o contido das axudas asistente.





## Pulo ós xoves emprendedores

Como xa e tradición, a Confederación de Empresarios de Ferrolterra Eume e Ortegal participou no III Curso de verán campus de Ferrol "Oriéntate e planifica o teu futuro" organizado pola Vicerretoria de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria da Universidade da Coruña.

O seminario arrancou o 21 de setembro dá man da vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social, Araceli Torres, quen deu paso a primeira conferencia da Secretaría Xeral de Emprego, Covadonga Toca Carús.

Carús presentou ós participantes o Programa de Garantía Xuvenil.

O xoves 22, os emprendedores foron os protagonistas. Neste sentido, o secretario de COFER e presidente de TIC Ferrolterra, Pablo Rivera Somorrostro, foi o encargado de moderar a mesa redonda "Panel de Emprendedores".

Rivera Somorrostro compartiu experiencias coa responsable de comunicación de Galejobs, Ana Veiga, e cós xoves empresarios ferroláns Ana Isabel Ulloa de Integral Work Sapace SL e Sergio García Abella de Social Drive.

O seminario finalizou o venres 23 con dous talleres e unha mesa redonda centrada nas experiencias de profesionais de diversos sectores.

Como peche, os estudantes chegados desde distintos puntos da xeografía nacional disfrutaron dos roteiros "Meninas de Canido" e "Ferrol en feminino".



## COFER arranca as negociacións para dinamizar o tecido empresarial da man da Universidade da Coruña



O vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia, Salvador Naya, reuniuse o pasado 21 de setembro na Reitoría co presidente da Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegal (COFER), Cristóbal Dobarro, para establecer posibles vías de colaboración entre ambas as dúas entidades.

Aínda que este encontro foi un primeiro contacto xa se avanzou o interese polas dúas partes de traballar conxuntamente nun posible acelerador de proxectos de investigación relacionados co sector naval e no asesoramento da Universidade da Coruña para proxectos conxuntos coas pemes da Confederación.

En esta liña, a formación foi tamén outra vía de colaboración que se apuntou no transcurso da reunión. Preséntase así un abano de posibilidades apostando pola excelencia e a mellora profesional

e persoal. Ao remate do encontro quedou patente o interese tanto por parte da Universidade da Coruña como da Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume e Ortegal por establecer alianzas de traballo.

O seguinte paso será organizar por parte da Universidade unha visita dos empresarios ao Campus Industrial de Ferrol para que coñezan as potencialidades do mesmo.

Á reunión asistiu tamén o director do Campus Industrial de Ferrol, Ginés Nicolás Costa, e outros representantes da entidade asociativa.

A colaboración coa Universidade da Coruña en materia de innovación e investigación é un dos proxectos prioritarios nos que esta a traballar a Confederación na actualidade sempre co fin último de favorecer e potenciar a creación de proxectos e novas oportunidades para o noso tecido empresarial e as nosas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal.



## Visita do Rotary Club

O presidente da Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume y Ortegá (Cofer), Cristobal Dobarro reuniuse có Gobernador do Distrito 2201 do Rotary Club, Antonio Quesada Estangüi, quen asistiu acompañado do axudante de dirección, Alejandro Pisa, do Presidente do Rotary Narón, Pascual Martínez, dá Macero do Rotary Narón, Antonia Núñez y do Presidente do Clube de Ferrol, Porfirio Embade.

Ó encontro institucional tamén asistiron José Manuel Rilo y Juan Ramos membros docomité executivo da Confederación.

No marco da visita, ambas institucións plantexaron establecer unha liña de traballo conxunta sempre có obxectivo común de potenciar o tecido empresarial das comarcas de Ferrolterra, Eume y Ortegá. Rotary é unha organización internacional, sin ánimo de lucro, cuxos socios son líderes empresariais e profesionais, con valores




cívicos e éticos, que aportan o seu tempo e coñecementos para traballar por un mundo mellor para todos. A súa sede central está en Evaston-Chicago, Estados Unidos,

onde nace o 23 de febreiro de 1905 da man do avogado Paul Harris. Está composta por máis de 35.000 clubes, agrupados en 350 distritos, con implantación en máis de 200 países e reúnen en torno a 1.250.000 membros rotarios.

## O PSOE presenta as súas propostas en materia económica

Os socialistas Ángel Mato e José Manuel Pérez Seco visitaron a sede da Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume y Ortegá (Cofer) para presentar as propostas en materia de economía no marco da campaña electoral das pasadas eleccións ao Parlamento Galego.

No encontro participaron o presidente da Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume y Ortegá, Cristobal Dobarro, o presidente da Asociación de Jóvenes Empresarios de Ferrolterra, Luis González Rey.e o vicepresidente da AJE Ferrolterra Xoel Rodríguez Saniurio.



## Lexislación



CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

RESOLUCIÓN do 10 de agosto de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para a realización de auditorías enerxéticas, implantación de sistemas de xestión, mobilidade alternativa e proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas dos sectores industrial e de servizos para o ano 2016, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020 (código IN417Y). [\(DOG nº171 do 8 de setembro de 2016\)](#)

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

EXTRACTO da Resolución do 10 de agosto de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para a realización de auditorías enerxéticas, implantación de sistemas de xestión, mobilidade alternativa e proxectos de aforro e eficiencia enerxética nas empresas dos sectores industrial e de servizos para o ano 2016, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020 (código IN417Y). [\(DOG nº171 do 8 de setembro de 2016\)](#)

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

RESOLUCIÓN do 11 de agosto de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para proxectos de redes de distribución de enerxía térmica con equipamentos de xeración con biomasa, para o ano 2016, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020. [\(DOG nº171 do 8 de setembro de 2016\)](#)

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

RESOLUCIÓN do 1 de setembro de 2016, pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras dos préstamos en beneficio de pequenas e medianas empresas e microempresas de Galicia, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva. (Diario Oficial de Galicia número 1372, do 9 de setembro). [DOG Nº172 9 setembro de 2016](#)



Resolución 12 de setembro de 2016, da Dirección General de la Fundación EOI, pola que se aproba a convocatoria para a concesión de subvencións para a realización de contratos de xoves de máis de dezaseis anos e menores de trinta anos, para empresas de cualquier sector, co fin de que as persoas xoves non ocupadas, nin integradas nos sistemas de educación ou formación reglada podan recibir unha oferta de emprego, no marco do Programa Operativo de Empleo Juvenil.. [BOE Nº229 de 22 de setembro](#)

Extracto da Orden de 9 de setembro de 2016, pola que se convoca para o ano 2016 a concesión de subvencións a entidades asociativas representativas do sector pesqueiro para o desenvolvemento de actividades de colaboración ante a Administración General del Estado, Unión Europea e institucións internacionais, así como para o desenvolvemento de actividades específicas de especial interese para o sector no ámbito nacional e internacional. [BOE Nº225 de 17 de setembro](#)

Extracto da Resolución de 27 de xullo de 2016, do Consorcio de la Ciudad de Santiago, por a que se aprueban as bases reguladoras e a convocatoria para a concesión de subvencións do "programa localízate" dirixido á mellora da accesibilidade e da eficiencia enerxética, á mellora da imaxe exterior e ó acondicionamiento interior dos locais comerciais da cidade histórica de Santiago de Compostela. [BOE Nº 223 de 15 de setembro](#)

Extracto da Resolución de 13 de xuño de 2016, da Presidencia del Instituto Nacional de Investigación y Tecnología Agraria y Alimentaria, pola que se aproba a convocatoria de subvencións para o ano 2016, para a formación de persoal investigador en agroalimentación en centros de investigación agraria e alimentaria INIA-CCAA (FPI-INIA), no marco do Subprograma Estatal de Formación del Programa Estatal de Promoción del Talento y su Empleabilidad del Plan Estatal de Investigación. [BOE Nº219 de 10 de setembro](#)

Resolución do 13 de setembro, da Dirección General de Empleo, pola que se rexistra e publica o Convenio colectivo de recuperación e reciclado de residuos e materias primas secundarias. [BOE Nº 230 de 23 de setembro](#)



## Axenda

### GALICIA



#### EXPOOURENSE

[Celebra](#)  
29 al 30 de outubro de 2016



#### FEIRA INTERNACIONAL DE GALICIA- SILLEDA

[Cimag. Ganagro. Feria profesional de maquinaria, agricultura y ganadería](#)  
25 ao 28 de xaneiro

### RESTO DE ESPAÑA



#### IFEMA. Feria de Madrid

[SIMO Educación—Salón de tecnología para la enseñanza](#)  
19-21 de outubro  
[SIMA Otoño—Salón inmobiliario de Madrid](#)  
21-23 de outubro  
[EPOWER&BUILDING](#)  
25-28 de outubro  
[SALÓN INTERNACIONAL DE SOLUCIONES PARA LA INDUSTRIA Y SMART FACTORY](#)  
25-28 de outubro



#### FIRA DE BARCELONA

[SALÓN NAÚTICO DE BARCELONA](#)  
12-16 de outubro  
[BARCELONA MEETING POINT. Salón inmobiliario internacional](#)  
19-23 de outubro  
[HOSTELCO](#)  
23-26 de outubro  
[IoT SOLUTIONS WORLD CONGRESS](#)  
25-27 de outubro



#### BILBAO EXHIBITION CENTRE

EXPOSSIBLE!  
[EGURTEK 2016 Arquitectura y técnica de la madera](#)  
20 e 21 de outubro  
[NAGUSI Salón de ocio, servicios y actividades para mayores](#)  
21 a 23 de outubro





**COFER**

Confederación de Empresarios de Ferrolterra, Eume y Ortegal

Outubro 2016

# Boletín

## Integran Cofer:



Asociación de Campings do Noroeste



Asociación de Comerciantes Mercado de Recimil



Asociación de Comerciantes Novo Ferrol



Asociación de Empresarios de As Pontes



Asociación de Empresarios de As Somozas



Asociación de Empresarios, Comerciantes y Hosteleros de Catabois



Asociación de Empresarios Ferrolterra



Asoc. Empresarios de Hostelería de Ferrol e Comarcas



Asociación de Empresarios de Instalaciones Eléctricas



Asociación de Empresarios de Limpieza de Edificios y Locales de Ferrol, Eume y Ortegal



Asoc. de Empresas Siderometalúrgicas de A Coruña-Comarcal de Ferrol



Asociación de Escolas Infantís de Ferrolterra



Asociación de Jóvenes Empresarios Ferrolterra

Ferrolterra  
Jóvenes Empresarios



Asociación de Profesionales Inmobiliarios del Noroeste



Asociación Profesional de Gimnasios e Actividades Físicas de Ferrolterra



Asociación Prov. Empresarios Marítimos de A Coruña



Asoc. Provincial de Talleres de Reparación de Vehículos de A Coruña



Asoc. de Tecnologías de la Información y la Comunicación de Ferrolterra



Sección de Empresas Independientes

